

ACTO DE PRESENTACIÓN E INFORMACIÓN DO PROGRAMA DE AXUDAS EMEGA 2021

LANZAMENTO DO PROGRAMA DE INFORMACIÓN, ASESORAMENTO E ORIENTACIÓN DO PROGRAMA EMEGA

(retransmisión en directo por internet)

PROGRAMA EMEGA, para o fomento do emprendemento feminino en Galicia, axudas financiadas con fondos REACT-UE no marco do Programa Operativo FSE Galicia 2014-2020 (Procedemento SI429A).

A Secretaría Xeral da Igualdade (Consellería de Emprego e Igualdade) a través da convocatoria do Programa de axudas Emega, incentiva ás mulleres que son emprendedoras en Galicia e concede un conxunto de axudas dirixidas a apoiar:

- A posta en marcha (liña EMPRENDE e ITEF)
- A reactivación (liña ACTIVA)

de iniciativas empresariais constituídas por mulleres; xunto con medidas complementarias para favorecer a conciliación da vida persoal, familiar e laboral (axuda complementaria CONCILIA); así como o acceso a servizos específicos de información, asesoramento e orientación empresarial co obxecto de facilitar a implantación e consolidación dos seus proxectos empresariais.

Todas as beneficiarias da axuda Emega terán acceso ao servizo de información e orientación empresarial a través do Programa Woman Emprende da Universidade de Santiago de Compostela.



Xacobeo 21-22



CONVOCATORIA acto informativo EMEGA 2021

Este evento informativo será en formato virtual para que todas as emprendedoras beneficiarias do Programa Emega podan conectarse e participar de forma activa.

Data: luns, 29 de novembro de 2021

Hora: de 10.30 h a 13.00 h

Lugar: Secretaría Xeral da Igualdade. Edificio administrativo de San Lázaro, s/n

15781 Santiago de Compostela - Sala de Xuntas. Planta 0

Plataforma:

<https://xunta.webex.com/xunta/j.php?MTID=m32959bc24e5ce66fb6a5aab625be745c>

Número do evento: 2403 146 6330

Contrasinal: sxiemega

(79436342 a través de teléfonos)

Programa:

10.30.- Benvinda e presentación do Programa Emega para o fomento do emprendemento feminino en Galicia.

Susana López Abella. Secretaria Xeral da Igualdade. Xunta de Galicia

Mar Lorenzo Moledo. Vicerreitora de Igualdade, Cultura e Servizos. Universidade de Santiago de Compostela

11.00.- A resolución das axudas do Programa Emega 2021: documentación xustificativa da subvención e presentación do servizo de información e asesoramento.

Aurora Patiño Doval. Subdirectora Xeral de Promoción da Igualdade da Secretaría Xeral da Igualdade.

Rosana Allo Lago. Xefa do Servizo de Fomento da Secretaría Xeral da Igualdade.

Eva López Barrio. Programa Woman Emprende da Universidade de Santiago de Compostela.

12.00-12.30.- Participación das emprendedoras e resolución de dúbidas

12.30-13.00.- Charla informativa: "Un bo modelo empresarial para Galicia en mans de mulleres".

Eva López Barrio. Programa Woman Emprende da Universidade de Santiago de Compostela.

13.00.- Peche do programa

Fondo Social Europeo
"O FSE inviste no teu futuro"